

Convenio da Universidade da Coruña con

**para a realización de prácticas académicas
externas curriculares e extracurriculares do
alumnado da Universidade da Coruña.**

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES), pon unha énfase especial en que o alumnado universitario realice prácticas externas en entidades públicas e privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral ao capacitalo para a súa futura inserción no mercado laboral. Por este motivo,

COMPARECEN

Por unha banda, D. Ricardo José Cao Abad, reitor da Universidade da Coruña, con sede na rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J, que actúa en nome e representación da nomeada institución, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, que lle outorga ao reitor a facultade de asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

Pola outra, D./D.ª

co DNI _____ en nome e
representación da entidade

co CIF _____ e domicilio social en

CP _____ Poboación

Provincia

**Agreement between Universidade da Coruña
(UDC) and**

**for integrated and extra-curricular work
placement by UDC students**

The Galician University System Act 6/2013 (13 June), resulting from the adaptation of the existing university system to the European Higher Education Area (EHEA) framework, highlights the importance of providing university students with opportunities for work placement in public and private organisations at home and abroad, in the belief that the combination of theoretical university learning and practical professional experience offers students the most solid foundation for a well-rounded education by preparing them for their subsequent entry into the labour market.

For this reason,

THE AUTHORISING OFFICERS

Ricardo José Cao Abad, President of Universidade da Coruña, with registered office address at Maestranza 9, 15001 A Coruña, and company tax code (CIF) Q6550005J, acting for and on behalf of the aforementioned institution and in accordance with the powers vested in him under Article 36.1.f of the University Statutes, ratified by Decree 101/2004 (13 May) of the Regional Government of Galicia (amended by Decree 194/2007, 11 October), by which the President is empowered to sign agreements in the name of Universidade da Coruña;

And
holder of ID number _____
for and on behalf of
with registered office address at

Town/City _____ Province _____
Postcode _____ and company tax code
(CIF) _____

As dúas entidades recoñécense respectivamente a personalidade, a capacidade e a competencia para outorgar este convenio, polo que

ACORDAN

Establecer un convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas (curriculares e extracurriculares) ao abeiro do Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario, e do Regulamento de prácticas académicas externas da UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de abril de 2013, e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015, o 29 de setembro de 2015, o 29 de maio de 2018, o 4 de xuño de 2019 e o 3 de novembro de 2022, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto posibilitar que o alumnado das titulacións impartidas na Universidade da Coruña (a partir de agora, a UDC) faga prácticas externas (curriculares e extracurriculares) dentro dos programas de cooperación educativa promovidos pola empresa

(a partir de agora, a Entidade).

SEGUNDA. Persoas beneficiarias e requisitos

1. Poderá ser beneficiario deste convenio:
 - a) O alumnado da UDC matriculado nas titulacións oficiais de grao ou de mestrado universitario que cumpra cos requisitos establecidos.
 - b) O alumnado doutras universidades españolas ou estranxeiras que estea a realizar estadias de estudo na UDC en programas de mobilidade académica

In mutual recognition of each other's legal status, powers and authority to authorise this agreement,

HEREBY AGREE

To establish an education cooperation agreement for integrated and extra-curricular work placement in accordance with Royal Decree 592/2014 (11 July), regulating university student work placement; UDC Work Placement Terms and Conditions, approved by the University Council in its meeting of 23 April 2013 and amended by agreement of the University Council on 27 February 2015, 29 September 2015, 29 May 2018, 4 June 2019 and 3 November 2022; and the following

ARTICLES

1. Purpose

The purpose of this agreement is to allow students of the degrees offered by Universidade da Coruña (hereinafter, UDC) to engage in integrated and extra-curricular work placement under the education cooperation programmes operated by

(hereinafter, Host Organisation).

2. Eligibility

1. The work placement programme covered by this agreement is open to:
 - a) UDC students registered on a UDC undergraduate or Master's degree courses who meet the conditions provided below.
 - b) Visiting students from Spanish or foreign universities registered as part of an academic mobility programme or bilateral agreement, unless excluded from participation under the terms of the mobility programme or agreement or the internal regulations governing their stay.

2. Participants will be required to abide by the

ou por medio de convenios bilaterais, sempre que as normas que regulen eses programas e convenios ou os regulamentos internos de aplicación non dispoñan outra cousa.

2. O alumnado beneficiario deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Nas prácticas curriculares estarase ao que dispoña o plan de estudos de cada titulación.
- b) Nas prácticas extracurriculares, o alumnado deberá cumprir estas condicións:
 - Estar matriculado na ensinanza á cal se vinculen as competencias básicas, xenéricas e específicas que se adquirirán.
 - Ter superado o 50 % dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluídos, como mínimo, todos os créditos de formación básica. No caso de alumnado de mestrado, a porcentaxe anterior será do 25 %. No caso doutros programas formativos, o/a alumno/a terá que estar matriculado/a no programa de que se trate.
 - Non superar a duración en horas que establece o artigo 8 do Regulamento de prácticas curriculares e extracurriculares da UDC no mesmo ano académico. De existiren vacantes na oferta de prácticas extracurriculares, formarase unha listaxe de agarda en que poderá participar o alumnado que superase estas horas.
 - Estar matriculado de forma oficial (matrícula ordinaria) segundo o procedemento que está establecido pola UDC.

3. Non poderá ser beneficiario destas prácticas o alumnado que manteña algunha relación contractual coa Entidade, agás no caso das prácticas curriculares, sempre e cando conte coa autorización do/a vicerreitor/a con competencias en materia de estudantes, logo do informe da Comisión de Prácticas da UDC.

following conditions:

- a) Integrated work placement will be conducted in accordance with the conditions provided in each degree programme of study.
- b) Students who wish to participate in extra-curricular work placement must:
 - Be registered on a course related to the core, general and specific competences associated with the placement.
 - Undergraduate: have completed 50% of the credits required for their degree, including all core modules; Master's: have completed 25% of the credits required for their degree; non-degree courses: be registered on the course.
 - Not exceed the number of hours permitted per academic year under UDC Work Placement Terms and Conditions, Article 8. Extra-curricular work placement vacancies which are not filled may be opened up to students who have already reached their maximum number of hours.
 - Have completed their official registration as a student of UDC.

3. Students who have an existing contractual relationship with the Host Organisation will not be eligible to participate in extra-curricular work placement, but may be eligible to participate in integrated work placement if so authorised by the Office of the Vice-President for Students in consultation with the UDC Best Practice Committee.

3. Calendar, schedule and duration

1. The duration of integrated work placements will be set out in the programme of study for each degree, and placements will be organised according to the academic calendar approved by the University Council each year.

2. Integrated and extra-curricular work placement activities undertaken during the

TERCEIRA. Duración, calendario e horario

1. As prácticas curriculares terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente e levaranse a cabo de conformidade co calendario académico aprobado polo Consello de Goberno para cada curso académico.
2. A suma de prácticas académicas curriculares e extracurriculares non debe superar as 750 horas no mesmo ano académico.
3. Con carácter xeral, a distribución horaria das prácticas establecerase de acordo coas súas características e a dispoñibilidade da Entidade. En calquera caso, os horarios serán compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación que o alumnado desenvolva na UDC.
4. Excepcionalmente, nos casos en que o alumnado teña unha carga lectiva moi reducida para finalizar a súa titulación oficial, poderá realizar unha xornada ampla, sen superar as 40 horas semanais e 8 diarias e sempre coa autorización da persoa titora académica.

CUARTA. Dereitos e deberes do alumnado

1. Durante a realización das prácticas, o alumnado terá os dereitos recollidos na normativa de prácticas vixente e, nomeadamente, os seguintes:
 - a) Á titoría, durante o período de duración da correspondente práctica, por un/ha titor/a da universidade e por un/ha profesional da Entidade.
 - b) Á avaliación, de acordo cos criterios establecidos pola Universidade.
 - c) Á obtención dun informe por parte da Entidade, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa

academic year may not exceed a total of 750 hours.

3. Students' work placement schedules will be organised according to the characteristics and availability of the Host Organisation, and will be compatible with students' academic, training, participatory and representational activities at UDC.

4. In exceptional cases where the student has a very light remaining course load to complete, permission may be obtained from his/her/their academic supervisor for the work to be organised into longer working days not exceeding 40 hours per week or 8 hours per day.

4. Student rights and obligations

1. During the work placement period, students will be protected by the rights provided in the UDC Work Placement Terms and Conditions, including:

- a) The right to supervision by an academic supervisor provided by UDC and a professional supervisor provided by the Host Organisation.
- b) The right to assessment in accordance with the criteria established by the university.
- c) The right to receive an assessment report by the Host Organisation, containing details of duties, performance and length of time worked.
- d) The right to receive a financial contribution from the Host Organisation, where so provided, in the form of a study grant.
- e) The right to pursue academic, training, participatory and representational activities, when communicated with sufficient advance notice to the Host Organisation.
- f) The right to intellectual and industrial property, under the terms established by the law in this area.

duración e o seu rendemento.

- d) A percibir, nos casos en que así se estipule, a achega económica da Entidade en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.
- e) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, tras a comunicación con antelación suficiente á Entidade.
- f) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- g) A recibir, por parte da Entidade, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- h) A dispoñer dos recursos necesarios para o acceso do alumnado con discapacidade á titoría, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- i) A conciliar, no caso do alumnado con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.

2. Durante a realización das prácticas, o alumnado terá os seguintes deberes:

- a) Cumprir a normativa de prácticas externas da Universidade.
- b) Efectuar con dilixencia as actividades que a Entidade lle encomende dentro do proxecto formativo, seguindo as indicacións do/a titor/a asignado pola Entidade e baixo a supervisión do titor/a académico/a da Universidade.
- c) Manter contacto co/a titor/a académico/a e comunicarlle calquera incidente que puidese xurdir.
- d) Incorporarse á Entidade na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas e o funcionamento, a seguridade e a prevención de riscos

- g) The right to receive information related to health and safety regulations from the Host Organisation.
- h) The right of students with disability to be provided with the resources necessary to ensure access to supervision, information, assessment and the performance of work placement duties on the same terms as other students.
- i) The right of students with disability to reconcile their work placement duties with the needs and circumstances of their disability.

2. During the work placement period, students will have the following obligations:

- a) Comply with UDC regulations governing student work placement.
- b) Carry out efficiently any tasks assigned to them by the Host Organisation as part of their training plan, and follow the instructions of their professional and academic supervisors.
- c) Maintain contact with their academic supervisor and inform them of any issues that may arise.
- d) Start work at the Host Organisation on the agreed date, work according to the agreed schedule, and respect the rules, regulations and health and safety policy of the Host Organisation.
- e) Maintain complete confidentiality regarding internal information at the Host Organisation, maintain professional secrecy regarding its activities during and after placement, and refrain from using any data or documents encountered at the Host Organisation unless specifically authorised to do so.
- f) Write a work placement report, containing the following information: personal data; name and address of host organisation; specific, detailed description of work placement duties, including the department or departments where the work took place;

- laborais da Entidade.
- e) Gardar unha absoluta confidencialidade en relación coa información interna da Entidade e gardar segredo profesional sobre as súas actividades durante a estancia e unha vez que esta finalice e evitar facer uso dos datos ou documentos manexados, excepto coa autorización expresa da Entidade.
 - f) Elaborar a memoria final de prácticas, en que constará, cando menos, a seguinte información: os datos persoais; a Entidade en que levou a cabo as prácticas e onde está situada; a descrición concreta e detallada das tarefas desenvolvidas na Entidade, con indicación do/s departamento/s da Entidade en que se realizaron; a valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e as competencias adquiridas en relación cos seus estudos universitarios; a relación dos problemas que se lle presentaron e dos procedementos que se seguiron para os resolver; a contribución que supoñen as prácticas en materia de aprendizaxe; a avaliación das prácticas e as suxestións de mellora; e calquera outros aspectos que o centro considere relevantes de cara á formación do alumnado.
 - g) Calquera outro deber previsto na normativa vixente.

QUINTA. Dereitos e deberes da Entidade

1. A Entidade terá dereito a:
 - a) o recoñecemento efectivo da súa función, que se expresará nun documento acreditativo emitido pola Universidade;
 - b) que se respecte, antes, durante e despois das prácticas, a confidencialidade dos datos tratados a propósito das prácticas;

assessment of duties carried out and skills and knowledge acquired in relation to university studies; problems encountered and measures taken to solve them; contribution of work placement to learning; assessment of work placement and suggestions for improvement; other issues suggested by school or faculty regarding student learning experience and outcomes.

- g) Other obligations provided in the terms and conditions of work placement.

5. Host Organisation rights and obligations

1. The Host Organisation will have the following rights:

- a) Certification of its host function by the university.
- b) Confidentiality of all data processed in relation to work placement, prior to, during and following work placement.
- c) Non-interference with the normal functioning of the Host Organisation.
- d) Suspension of work placement on the grounds of non-fulfilment of duties by the student, once notified to the student's academic supervisor.

2. The Host Organisation will have the following obligations:

- a) Not use work placement students in lieu of employees.
- b) Assign student a professional supervisor from among its staff, who will coordinate with the academic supervisor assigned by UDC.
- c) Ensure that the professional supervisor fulfils his/her/their duties to the student.
- d) Ensure that the tasks assigned to the student are appropriate to their level of studies and professional training.
- e) Issue student with a work placement certificate.

- c) que as prácticas non interfiran no normal desenvolvemento das tarefas propias da Entidade;
 - d) interromper a realización das prácticas se o alumnado incumpre os seus deberes, tras a comunicación á persoa titora académica.
2. A Entidade comprométese a:
- a) non cubrir co alumnado en prácticas ningún posto de traballo;
 - b) designar un/ha titor/a de prácticas entre as persoas vinculadas á Entidade, que se coordinará co/a titor/a académico/a;
 - c) garantir que o/a titor/a de prácticas cumpre cos seus deberes;
 - d) garantir que as tarefas realizadas polo alumnado estean relacionadas co seu nivel de estudos e de formación académica;
 - e) expedir un certificado acreditativo da realización das prácticas para o alumnado.

SEXTA. A titoría

1. O alumnado en prácticas disporá dunha titoría académica e outra profesional.
2. A persoa que exerza como titora académica será designada entre o seu profesorado polo centro da UDC en que curse os seus estudos, mentres que a que exerza como titora profesional, con competencias profesionais na área, será designada pola Entidade.
3. As persoas titoras académica e profesional supervisarán as funcións que o alumnado leve a cabo durante as súas prácticas, asistirano no que for necesario e avaliarán o seu aproveitamento das prácticas, coordinando entre elas o desenvolvemento do proxecto formativo.
4. As persoas titoras poderán obter da UDC

6. Supervision

1. Work placement students will be jointly supervised by an academic and a professional supervisor.

2. Academic supervisors will be assigned from the teaching staff at the student's faculty, while professional supervisors will be assigned by the Host Organisation from its staff in the student's area of interest.

3. Both supervisors will be responsible for overseeing the work carried out by students during their placement, assisting them as necessary, assessing their learning, and coordinating their training plan between them.

4. Supervisors will be recognised for their activities in the terms provided in the corresponding UDC rules and regulations.

5. Supervisors will be required to comply with the obligations provided in the UDC Work Placement Terms and Conditions and in the remaining paragraphs of this article.

6. Academic supervisors will be required to:

- a) Ensure the correct implementation of the training plan and compatibility between the student's work schedule and academic, training, participatory and representational duties.
- b) Monitor work placement in coordination with the professional supervisor.
- c) Authorise changes to the training plan as necessary (subject to approval by the faculty in the case of integrated work placement).
- d) Assess work placement in accordance with the procedure established by the faculty.

7. Professional supervisors will be required to:

- a) Induct students and provide them with

o recoñecemento da súa actividade, de conformidade coa normativa de aplicación.

5. As persoas titoras deberán cumprir as obrigas previstas no Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da UDC e, nomeadamente, as que se recollen nos parágrafos seguintes.
6. Correspóndelle á persoa titora académica:
 - a) velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, así como garantir a compatibilidade de horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do alumnado;
 - b) realizar un seguimento efectivo das prácticas en coordinación co/a titor/a profesional;
 - c) autorizar, logo da comunicación ao centro e co seu visto e praxe, no caso de prácticas curriculares, as modificacións que se poidan propoñer no proxecto formativo;
 - d) avaliar as prácticas desenvolvidas polo alumnado, segundo o procedemento establecido no centro.
7. Correspóndelle á persoa titora profesional:
 - a) acoller o alumnado e proporcionarlle os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas;
 - b) informar o alumnado da organización e o funcionamento da Entidade e da normativa de interese relativa á seguridade e prevención de riscos laborais;
 - c) gardar antes, durante e despois das prácticas, a confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do/a alumno/a como consecuencia da súa actividade como titor/a;

the resources necessary to carry out their work placement.

- b) Provide students with information about the organisation and its activities, and any rules or regulations in relation to health and safety.
- c) Protect student confidentiality prior to, during and following work placement in respect of any information obtained through their role as supervisor.
- d) Issue a final work placement report on each student's activities using the form and procedure provided by the university, including information in relation to: technical ability; learning ability; organisation and administration of workload; oral and written communication skills (in the case of students with expressive oral language difficulties, include details regarding expressive autonomy and technical or human supports required); sense of responsibility; adaptability; creativity and initiative; personal commitment; motivation; response to criticism; punctuality; relationship with colleagues; teamwork skills; and competences listed in the training plan, in the case of integrated work placement.

7. Relationship between students and Host Organisation

1. Work placement does not constitute a relationship of employment between the student and the Host Organisation, and no contract of employment may be concluded between them, including the internship and training contracts provided for in legislation.

In the case of students hired by the Host Organisation following completion of their studies, work placement may not be counted in terms of time served or exemption from probation, unless otherwise stated in the relevant collective agreement.

- d) emitir o informe final das prácticas de cada alumno/a, segundo o procedemento e o modelo establecido pola Universidade, en que deberán constar os seguintes aspectos: a capacidade técnica; a capacidade de aprendizaxe; a administración e a organización dos traballos; as habilidades de comunicación oral e escrita (no caso do alumnado con discapacidade e dificultades de expresión oral é preciso indicar o seu grao de autonomía para esta habilidade e se require algún tipo de apoio técnico ou humano); o sentido da responsabilidade; a facilidade de adaptación; a creatividade e a iniciativa; a implicación persoal; a motivación; a receptividade ás críticas; a puntualidade; a relación coa contorna laboral; a capacidade de traballo en equipo; e as competencias previstas no proxecto formativo, no caso das prácticas curriculares.

SÉTIMA. Relación entre a Entidade e o alumnado en prácticas

1. A realización das prácticas non supón en ningún caso o establecemento dun vínculo laboral entre o alumnado e a Entidade, que non poderán subscribir ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación recollidas na normativa laboral.

Se o/a estudante se incorpora á Entidade ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non computará para os efectos de antigüidade nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación estipule algo distinto.

2. A realización das prácticas non implica dotación económica obrigatoria por parte

2.The Host Organisation is not obliged to compensate work placement students financially, but may choose to provide them with an allowance in the form of a study grant.

3.Social insurance contributions for work placement students will be paid in accordance with the legislation in force when the collaboration agreement was signed. The social insurance obligations of UDC and the Host Organisation will be regulated by resolution of the university President.

8. Insurance cover

1.UDC students under the age of 28 will be covered by the mandatory student insurance paid at registration. Students over the age of 28 will require a Hac Luce Accidentes insurance policy, available to all students regardless of age. The Host Organisation may also choose to contract additional insurance for the students under its supervision.

2. Students conducting their work placement at a foreign host organisation will require an insurance policy for the duration of the work placement covering health, accident and repatriation expenses, among others. The cost of this insurance policy will be borne by the student.

3.Third-party civil liability will be covered by the university's insurance policy for work placement.

9. Individual work placement agreements

1.A separate work placement agreement will be concluded for each student, and will contain the following information: details of the work placement framework agreement; personal details of the student; location of work placement; total number of hours and schedule; training plan; study grant or allowance, if applicable.

da Entidade, aínda que se poderá prever unha asignación para o/a alumno/a en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.

3. A realización de prácticas determinará a inclusión do alumnado no sistema da Seguridade Social nos termos establecidos na normativa que estea vixente no momento de formalizarse a colaboración. As obrigas da Entidade e da Universidade da Coruña ante a Seguridade Social estarán reguladas por resolución reitoral.

OITAVA. Seguro escolar

1. O alumnado da UDC menor de 28 anos está cuberto polo seguro escolar obrigatorio que paga coa matrícula. O alumnado maior de 28 anos deberá contratar, de ser o caso, o seguro Hac Luce Accidentes, que tamén poderá ser contratado polo resto do alumnado. A maiores, a Entidade poderá subscribir ao seu cargo un seguro adicional para o/a alumno/a.
2. No caso de prácticas no estranxeiro é imprescindible asinar unha póliza de seguro para o período de prácticas que cubra, como mínimo, os riscos sanitarios e de accidentes que inclúa a repatriación. Os gastos da dita póliza correrán a cargo do alumnado.
3. A responsabilidade civil por danos a terceiros en que eventualmente se puidese incurrir, quedará cuberta pola póliza que a UDC ten subscrita para os efectos.

NOVENA. Formalización das prácticas

1. Cada práctica individual formalizarase nun documento en que figurarán os datos do convenio de referencia; os datos persoais do/a alumno/a; o lugar en que terán lugar

2. Individual work placement agreements will be signed in triplicate by the student, faculty representative and Host Organisation representative.

10. Data protection

1. The parties to this agreement undertake to comply with Regulation (EU) 2016/679 of the European Parliament and of the Council of 27 April 2016, on the protection of natural persons with regard to the processing of personal data and on the free movement of such data (GDPR), the Spanish Protection of Personal Data and Digital Rights Act (LOPD) 3/2018 (5 December), and any successor legislation.

The parties therefore accept their duty of confidentiality and professional secrecy, and their obligation to ensure the safety of all data obtained through this agreement, which will be processed for the purpose of the collaboration provided herein.

2. The data subjects of this agreement will be entitled to request additional information and to exercise their data protection rights in writing to the signatories of the agreement using the following details:

- Universidad de A Coruña
Address: Mestranza 9, 15001, A Coruña
Email:
[<rpd@udc.es>](mailto:rpd@udc.es) or [<dpd@udc.es>](mailto:dpd@udc.es)
- Host Organisation:
-
Address
Town/City
Postcode
Province
Email of data processor at Host Organisation

3. The parties undertake to provide the data subjects of this agreement with the

as prácticas; o total de horas e a súa distribución temporal; o proxecto formativo obxecto das prácticas do/a alumno/a; e a posible bolsa ou axuda ao estudo que percibirá e o tipo de seguro que lle dará cobertura.

2. O documento de formalización da práctica será asinado polo alumnado, por unha persoa representante da Entidade e por unha representante do centro.

DÉCIMA. Protección de datos

1. As partes comprométense a cumprir o que establecen o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que atinxe ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a restante normativa nesta materia.

Para estes efectos, as partes asumen o seu deber de confidencialidade e segredo profesional, así como o deber de garantir a seguridade dos datos obtidos en virtude deste convenio, que serán tratados para a finalidade propia deste acordo.

2. As persoas interesadas poderán solicitar información adicional e exercer os seus dereitos en materia de protección de datos persoais ante as asistente para o que se deben dirixir a:

- Universidade da Coruña
Enderezo: rúa da Maestranza 9, 150001, A Coruña
Correo electrónico:
rpdp@udc.es ou dpdp@udc.es

- Entidade:

information requested.

11. Joint Committee

A Joint Committee consisting of the UDC Vice-President for Students (or his or her representative) and a delegate from the Host Organisation (or his or her representative) will be established to monitor this agreement. The committee will be responsible for ensuring compliance with the agreement and for dealing with any conflicts in relation to the interpretation and implementation of its terms.

12. Conflict resolution

All disputes regarding the purpose, interpretation, modification or termination of this document will be resolved by mutual agreement between the parties.

Where an agreement cannot be reached, the matter will be referred to the A Coruña Court of Administrative Dispute.

13. Term of agreement

1. This agreement will come into effect upon signature, superseding all prior education cooperation agreements between the parties in respect of student work placement.

2. The agreement will remain in force for a period of four years, with the option to extend the term of collaboration by mutual agreement by up to four more years.

3. The collaboration may be terminated at any time prior to completion of the agreed term by mutual agreement between the parties. The agreement may also be rescinded unilaterally by one of the parties provided they notify the other in writing of their intention to withdraw from the agreement at least three months prior to the intended date of withdrawal. Termination of the collaboration

-

Enderezo

Poboación

CP

Provincia

Correo electrónico da persoa responsable do
tratamento de datos na Entidade

3. As partes obríganse a lles facilitar esta mesma información ás persoas cuxos datos se poidan chegar a comunicar no marco deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. Comisión Mixta Paritaria

Constitúese unha Comisión Mixta Paritaria para o seguimento deste convenio, formada pola persoa que exerce o cargo de vicerreitor/a con competencias en materia de estudantes da UDC, ou a persoa en quen delegue, e pola persoa designada pola Entidade, ou a persoa en quen delegue. A dita comisión encargarse da vixilancia e o seguimento do cumprimento do convenio e da resolución das dúbidas e os conflitos que poidan xurdir na súa interpretación e aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA. Resolución de conflitos

As cuestións litixiosas que xurdan a respecto da interpretación, a modificación, a resolución e os efectos deste convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes.

En defecto de acordo, as partes someteranse aos xulgados ou tribunais da xurisdición contencioso-administrativa da Coruña.

DÉCIMO TERCEIRA. Vixencia e duración

1. Este convenio entrará en vigor no momento da sinatura, por tanto, quedan sen efecto todos os convenios anteriores

will not affect placements initiated while the agreement was in force.

subscritos no marco dos programas de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas.

2. A duración do convenio será de catro anos. As partes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.
3. O convenio extinguirase anticipadamente en calquera momento por acordo das partes asinantes. Así mesmo, calquera das partes poderá denunciar este convenio, o que lle deberá comunicar á outra parte por escrito con tres meses de antelación á data en que se desexe dalo por rematado. A denuncia do convenio non afectará ás prácticas que se estean a realizar no momento de a efectuar.

En proba de conformidade, asínase este convenio, na data da sinatura electrónica.

O reitor da UDC / UDC President
Ricardo José Cao Abad

In witness whereof, both parties sign this agreement on the date stated in the electronic signature.

O/A representante da Entidade / Host
Organisation representative